



En Santiago de Compostela, a...../...../.....

REUNIDOS

Dunha parte o/a donante,, maior de idade, con DNI nº e domicilio ós efectos do presente documento en....., quen actúa en nome propio ou en representación de.....

Doutra parte, maior de idade, con DNI nº, en representación da Fundación Luís Tilve, con domicilio a efectos do presente documento en Santiago de Compostela, Avda. Cruceiro de A Coruña, 22 – baixo, na súa calidade de.....

Ambas partes recoñécense capacidade legal bastante para subscribir o presente convenio, e a tal fin

MANIFESTAN

Que D/Dna..... manifesta a súa vontade de depositar os seus fondos documentais no Arquivo da Fundación Luís Tilve.

Que a documentación a doar é de indubidable interese para a súa utilización por parte de investigadores, historiadores ou estudantes, así como para o coñecemento da historia do movemento obreiro en Galicia, cuxo estudio redundará en la recuperación da memoria dos seus protagonistas.

Que a Fundación Luís Tilve é a institución máis adecuada para a catalogación, clasificación, conservación e tutela de ditos fondos e documentos, dada a súa finalidade de constituírse en depositaria e xestora do Arquivo Histórico do Movemento Obreiro, e de todas aquelas persoas u organismos que teñan interese en doar ou depositar os seus documentos ou arquivos no seu Arquivo, así como asegura a súa custodia e difusión para interese da sociedade galega.

Que ambas partes están interesadas na formalización da doazón mediante a firma do presente convenio polos beneficios que comporta para a protección, conservación,

promoción e difusión do fondo documental do doante no Arquivo da Fundación Luís Tilve.

Por todo elo, ambas partes

ACORDAN

Que é obxecto do presente convenio a doazón no Arquivo da Fundación Luís Tilve do fondo documental / arquivo persoal de....., coa finalidade da súa conservación, custodia e acceso público. Os documentos que o constitúen descríbense no anexo do presente contrato.

Que o donante deposite os fondos e documentos relacionados na Fundación Luís Tilve.

Que a Fundación Luís Tilve se encargará do traslado do citado arquivo se o doante así o desexara.

Que tanto o donante como os seus familiares terán libre acceso en todo momento ós fondos doados.

Que a Fundación Luís Tilve incluírá estes fondos ou documentos no seu catálogo, comprometéndose a clasificalos, ordenalos, conservalos e custodialos nas mellores condicións, así como garante a súa difusión e disposición para coñecemento dos historiadores ou investigadores, salvo desexo contrario dos donantes.

Que a Fundación Luís Tilve levará a cabo o adecuado desenvolvemento das tarefas técnicas a través de persoal especializado ó seu cargo, e porá así mesmo, tódolos medios técnicos, económicos e organizativos necesarios para a correcta recepción, clasificación, conservación e xestión dos fondos.

Que a Fundación Luís Tilve asumirá os gastos, tanto ordinarios como extraordinarios se os houberse, que orixine a súa conservación, tratamento técnico, comunicación e difusión.

Que os documentos estarán sometidos ó réxime xurídico e de protección do resto dos fondos documentais do Arquivo da Fundación Luís Tilve.

Que la Fundación Luís Tilve respectará en todo momento, se as houbera, as cláusulas de confidencialidade ou de prazos para a consulta dos fondos expresados polo doante.

Que unha vez asinado o convenio a propiedade e titularidade dos fondos e documentos doados será da organización depositante, salvo acordo de cesión ou depósito en réxime de comodato.

Que a Fundación Luís Tilve se compromete a dar publicidade a doazón recibida, así como dos datos do doante, sempre e cando o doante non manifeste o desexo contrario.

Que o fondo e documentos relacionados manterán o principio de procedencia coa denominación da persoa donante, se esta así o manifestara.

Que ditos documentos no poderán ser subtraídos do Arquivo salvo permiso expreso dos donantes.

Que os donantes serán informados de calquera publicación ou uso que se faga da documentación depositada, facéndoselles chegar un exemplar sempre e cando se trate dun traballo editado pola propia Fundación.

E para que conste e en proba de conformidade, asínase o presente contrato, cos seus anexos, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

O donante
ou representante legal

O receptor
en representación da
Fundación Luís Tilve